

Exposición de moda
de época en
Soutomaior

Páxina IV

I Festival Internacional
de Danzas de Reis, en
Ponteareas

Páxina X

Selo de excelencia da
Xunta para o mercado
de Tomiño

Páxina XIV

A auga é a protagonista
dunha exposición
fotográfica na Guarda

Páxina XVII

Centro histórico de
Monção com obras no
valor de 2,2 milhões
de euros

Páxina XX



O concello de O Porriño asumirá a organización da Interrunning

Páxina XIII

Óptica mahen

mahen

audioprótesis

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

O CEP Carlos Casares de Alxén divulga o folclore galego

Como xa vén sendo tradición, a Comunidade Educativa do CEP Carlos Casares, de Alxén, organizou unha exposición sobre o proxecto anual do centro. Neste curso o tema a traballar é "O folclore galego".

O pasado 3 de decembro un grupo de 50 alumnos/as do IES de Salvaterra de Miño visitou este centro onde participaron en tres actividades simultaneamente.

Unha das que suscitan maior interese é a visita guiada á exposición. O alumnado de 6º, con toda a información que lle facilitan as súas mestras, elaboran un guión que lles serve de referencia para facer de guías. Dada a dimensión da exposición distribúense especializándose nalgunha sección: A entrada, onde lucía un pendón confeccionado para a ocasión portado por unha muller vestida cun traxe tradicional galego. Xa no interior do salón podíase ver a sección adicada aos instrumentos de percusión. Entre os que máis chamaron a súa atención estaban a garabata e os dedais, o peitoque e a trécola. A seguir estaban os traxes do Rancho de Reis da Feira. Pola singularidade e a antigüidade do instrumento, un requinto lucía sobre

un estrado, ao pé dunha réplica dun palco da música. Como non podía ser doutro xeito no palco estaban representados os músicos máis típicos: a tamborileira, a gaiteira, o clarinetista, o pandeireiteiro e unha acordeonista. No outro lateral do salón estaba o recanto adicado ás gaitas onde se podía ver a evolución dos foles, distintos tipos de madeira coa que se constrúen, e curiosamente unha gaita dun zurdo, que, para adaptarse, ten os buratos distintos ás demais. Outro elemento que chamou a atención foron dous traxes tradicionais galegos de gala cos que bautizaron a dous nenos. Máis adiante podíanse contemplar diversas prendas de roupa interior e de calzado. No centro estaba exposta a sección adicada ás pandeiretas. Tampouco faltaron os adobíos e xoias que adoitaban levar para lucir máis nas festas. Curiosamente había unha colección de bonecas de porcelana vestidas con distintos traxes galegos. No Condado estase a facer unha importante labor de recuperación da tradición folclórica organizándose en varios parroquias e concellos seráns e fiadeiros, como se mostraba nos di-

versos cartaces. Adornaban a exposición algunhas fotografías de grupos de gaitas, baile, festas e romarías aportadas polas familias e amizades. Para rematar o ciclo, no centro do salón, representouse a danza das fitas que se baillaba nos anos 50 e da que aínda se pode disfrutar nalgunhas festas.

Outra actividade consistiu en facer un obradoiro de bordado, onde o alumnado puido comprobar que a elaboración dos traxes é un traballo complexo e laborioso. O produto final foi un marcador. Este obradoiro foi impartido por unha mestra que traballou moitos anos neste centro e que hoxe, disfruta da súa merecida xubilación, sen deixar de transmitir os seus saberes cando se lle pide.

A terceira actividade consistiu nun reto colaborativo que se desenvolveu na aula de informática. Consistía en facer unha presentación no Drive que contiña 10 diapositivas para as que debían realizar distintas actividades nas que tiñan que desenvolver as intelixencias múltiples e o traballo en equipo.

A xornada completouse coa visita da TVG, grazas á colaboración do pai dunha alumna, que fixo, en directo, dúas co-



nexións co programa "A revista", nas que alumnado de 6º mostrou algúns elementos con grande desenvoltura, fixo soar varios instrumentos e mesmo improvisaron unha peza.

Cabe destacar a colaboración de artesáns, asociacións e músicos que fixeron posible darlle unha ampla dimensión a esta exposición.

Agora están a traballar na elaboración dun calendario do vindeiro ano sobre o mesmo tema, que será entregado ás familias como agasallo do Nadal.

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA 986 61 43 61

REPSOL

Forjados Hnos. Durán S.L.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

O remendón CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreia, Peixe do Río,
Choclo a Prancha, Bacalao e Kiezo a la vasca.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Argentina, 11- Salceda de Caselas
986 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
986 658 529

Móvil: 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

SALVATERRA DE MIÑO

Nadal en Salvaterra

Salvaterra reforza o programa de Conciliación, con un campamento de nadal do 24 de decembro ao 4 de xaneiro, con horario escolar, de 9.00 a 14.00h.

Ademais dos obradoiros de adornos e coroas de nadal para adultos, a Casa Cultural de Salvaterra acolle distintos concertos e festivais de nadal: o venres 14 o Festival da A.C. Pontenova, o venres 21 ás 20:30h. o concerto do Coro Lacedurium, o sábado 22 ás 21h. o concerto da Banda de Música de Salvaterra de Miño o domingo 23 ás 18:30h. o Concerto de nadal da Parroquia de San Lourenzo e o domingo 30 ás 19:30h. o Concerto de Fin de Ano do Coro Cantemos.

Cine, música, deporte, actividades Infantís, papanoelada en moto, baile, Coliño Bailongo, etc. teñen un espazo nesta programación.

O día 24 de decembro Papa Noel chega polo Río Miño ao embarcador de Salvaterra, alí será recollido polo Tren "Chu -Chu" e fará un percorrido polas rúas do centro, rematando na praza do Concello onde recibirá a todos os nenos e nenas. Durante todo o día, 24 de decembro, o tren

percorrerá as rúas da vila, de forma gratuíta, cun horario de 10.00 a 14.00h e 16.00 a 20.00h.

O día 5 as Súas Maxestades chegarán a Salvaterra a partires das 16.00h dende a Ponte Internacional e recibirán os máis cativos na Praza do Concello.

A Praza do Concello vistese este ano dunha decoración moi especial, realizada en colaboración entre o Concello e o alumnado de Carpintería do IES Salvaterra, que busca dar un toque de color a este Nadal.

Nestas datas tamén é cita obrigada en Salvaterra o 29 de decembro coa carreira pedestre San Silvestre Solidaria Eurocidade Monção-Salaterra. Cunha modalidade mini que da dúas voltas á Praça Deu-la-Deu, ás 19:30h., e a carreira de preto de 5 quilómetros con saída ás 20:00h. desta praza de Monção e chegada na Praza do Concello de Salvaterra onde se remata cun chocolate quente. As inscricións permítense ata 30 minutos antes da carreira e cada participante deberá traer un alimento non perecedeiro para o banco de alimentos municipal.



MISCELANEA

A Deputación de Pontevedra organiza no Castelo de Soutomaior unha novidosa exposición sobre a moda da época de María Vinyals

“A moda en detalles: indumentaria e complementos (1870-1925)” presenta boa parte “da marabillosa colección dos fondos do Museo de Pontevedra centrada na moda feminina de finais do século XIX e principios do XX”

O Castelo de Soutomaior acollerá a partir do día 20 de decembro unha novidosa exposición con pezas do Museo de Pontevedra relacionadas coa moda da época na que María Vinyals viviu. A presidenta da Deputación, Carmela Silva, subliñou que o obxectivo de “A moda en detalles: indumentaria e complementos (1870-1925)” “é dinamizar, máis se cabe, o Castelo de Soutomaior con actividades paralelas que complementen a musealización”.

Máis polo miúdo, tal e como informou a presidenta, con “A moda en detalles: indumentaria e complementos (1870-1925)” preténdese abordar “temas relacionados coas persoas que habitaban no Castelo de Soutomaior como é o caso de María Vinyals”. Deste xeito a exposición, que se estenderá ata o 24 de febreiro do 2019, vai presentar parte “da marabillosa colección dos fondos do Museo de Pontevedra centrada na moda feminina de finais do século XIX e principios do XX, época na que o Castelo era a residencia dos Marqueses de la Vega de Armijo primeiro e logo de María Vinyals”, asegurou Silva.

A través de “A moda en detalles” darase a coñecer como vestían as mulleres coetáneas a Vinyals, os seus

gustos, como accedían á moda ou como eran as diferentes tendencias nas que o gusto pola diversidade foi predominante, ademais dun símbolo de modernidade para moitas mulleres. Deste xeito, amosaranse pezas que pertenceron ás irmás Domerq, á familia García Solís ou ás irmás Mendoza, que aportaron unha grande cantidade de fondos ao Museo de Pontevedra.

En concreto, “A moda en detalles” recolle 200 pezas de bordados, abalorios, calzado, cosmética, xoiería, publicacións, complementos e pezas únicas na moda feminina de finais do século XIX e comezos do XX, moitas delas inspiradas na moda de París ou con tecidos procedentes dos mellores almacéns de Londres. “Veremos cores, complementos, tecidos que tamén se reproducen en obras de pintores como Joaquín Sorolla, gran amigo de María Vinyals á que retratou nun cadro a comezos do século XX que hoxe permanece en paradiro descoñecido”, destacou Carmela Silva.

A exposición “A moda en detalles: indumentaria e complementos (1870-1925)”, na que tamén colabora o Museu Virtual de la Tarjeta

Postal de Catalunya, poderá visitarse na Sala de Tapices do Castelo de Soutomaior desde o xoves 20 de decembro ata o 18 de febreiro. A presidenta da Deputación animou “a todas as persoas a achegarse ata o castelo a partir do 20 de decembro e completar a mostra coa visita á sala María Vinyals, na que se da conta da súa apaixonante vida vinculada ao Castelo de Soutomaior desde 1875 ata 1917”.



A Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva na rolda de prensa de presentación da exposición



EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez. Director



Ano 2018, que che vaia ben!

Estamos a punto de entrar nun novo ano. O meu cesto de cereixas está a rebosar pero non quero “comerlles a moral” nestas datas e non vou entrar a fondo en tantas cousas que nos teñen preocupados. Simplemente me vou limitar a citalas; anunciarlas brevemente para que vdes. se ven que son do seu interese, entren a fondo. Todas son de interese universal e particular. Aínda que agora nada hai particular; con isto do internet todo flota no aire, todo está aquí e alá ao mesmo tempo. Antes falábase do que ocorría en América e mirábase coma algo lonxe. Un avión tardaba un montón de horas en chegar e por tren non se podía ir; a nado para que lles vou a contar. Sen embargo agora abrimos un aparato que nos cabe no puño dunha man, dámoslle a un botón e xa temos América connosco. Podemos saber o que alí ocorre en tempo real; podemos falar cos nosos amigos como se estiveran ao noso carón. En fin, como di a sentenza popular “as ciencias avanzan que é unha barbaridade”.

Imos logo, referenciar os temas que deixo para outras datas menos fraternais, menos solidarias, menos entrañables. Comecemos:

-Podemos comezar por esa “cumbre de Presidentes” a celebrar en Barcelona que, a estas horas que escribo, non está confirmada, aínda que todo apunta a que se vai celebrar. Ámbolos dous presidentes teñen moito que gañar e que perder nesa entrevista. -Cando vdes. lean estas líneas xa se saberá, seguramente, cando e onde se van encontrar.

-Os italianos pretenderon botarlle un pulso á UE pero finalmente tiveron

que agachar a orela e aceptar as condicións de Bruxelas. Está claro: “Bruxelas locuta, causa finita est”, que dirían os latinos daqueles tempos, cambiando Bruxelas por Roma, claro está.

Xa os gregos no seu día, con Varufakis á fronte, estiveron “botándolle un pulso” á UE pero finalmente sucumbiron ás súas drásticas medidas. Nós non pasamos por iso porque Rajoy, daquela o mandamais de turno, mercou uns pantalóns sen cinturón e así non tivo problemas para baixalos entoando o “si buanna, si buanna..” e así indicalo con naturalidade, non lle ordenaron baixar os pantalóns, xa lle cairon eles polo seu propio peso. E nós, coma espectadores, pagando unha dura entrada da que aínda non nos recuperamos.

-O Presidente Pedro Sánchez está demostrando ser un corredor de fondo ou un insensato. Nós quedámonos coa primeira acepción: corredor de fondo. Non se pode ser outra cousa para que coa que lle está caíndo todos os días siga aguantando o temón do País e “ameazando” os demais partidos políticos de seguir gobernando ata que teña o control do País. Ten un equipo de goberno infatigable que non dá tregua a ningún dos problemas enormes e serios que temos diante. Anuncia que

no Consello de Ministros a celebrar o vindeiro día 21 en Barcelona vai anunciar medidas de goberno de grande envergadura social: subir as pensións mínimas máis do 3% e as restantes un 1,6%. Para os funcionarios anuncia un aumento de máis dun 2%. “Aí es ná”, que diría o xitano.

En relación ao problema catalán non se baixa da burra; todo dentro da constitución, nada fóra dela. Claro que para os cataláns esa cantiga xa non a teñen no seu repertorio. Veremos como lle sae a cousa; non é un asunto de Estado co que se poida banalizar.

-Estes días lin na prensa que as grandes construtoras, esas que facturan máis de 1.000 millóns de euros, pagan ao fisco o 1,2% dos seus beneficios e a gran banca o 2,9%. As restantes pagan un 6% e as pimes un 17%. É curioso. Os que máis gañan son os que

menos cotizan. Logo cando o actual goberno di que tanto as grandes empresas coma os bancos deben cotizar máis á Facenda aparecen conspicuos analistas que tratan de facernos ver que ten que ser así; caso contrario marcharían para outros países. Que mágoa!!! E un pensionista sometido a un gravame do 17%. Si, si; un 17% é o

que me descuentan da miña pensión de Mestre. Xa poden imaxinarse que grande pensión será, verdade? Como di a Ministra da Facenda, e ten máis razón ca un santo, aquí hai moito diñeiro, so falta poñelo ao servizo do pobo e non duns cantos que levan séculos muxindo a vaca do País, que é tanto coma dicir que nos moxen a todos.

-Cuidado que veñen os chinos!! Tempos ha escoitabamos isto e botábonos a tremer. Hoxe son uns veciños máis do edificio onde vivimos ou do bar onde tomamos unha copa.

Isto non é óbice para telos en conta. Nestes momentos están investindo en África máis de 60.000 millóns de euros; a UE decatouse de que estaba perdendo diñeiro e presenza e púxose as pilas, xa ten “xuntados” nin máis nin menos que 30.000 millóns dos 45.000 que entende debe investir no continente africano. Voces sensatas indican que o noso papel nesta guerra comercial entre China e a UE. é de simples anunciadores, destas cousas, porque non nos dan voz nen voto.

-Finalmente quero lembrarlles que outro tema de interese para este Nadal pode ser a desertización de Europa. Tema demasiado serio como para facer chistes. Entre os países “máis preparados” están España, Portugal, Italia, Chipre e Rumanía. Non estamos facendo os deberes e a nosa apatía lévanos á infertilización do solo o que leva implícito a rebaixa da produción de alimentos.

Ata aquí as miñas recomendacións. Vdes, logo, fagan o que máis lle guste e dea quentura ao corpiño.

BON FIN DE ANO E FELIZ ENTRADA EN 2019!!



FUCO PRADO



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

Culpábeis do extremismo

Haíles na España profunda bastantes cidadáns que denuncian seguido que a culpa da epifanía de Vox é a reivindicación catalá do dereito a decidir ou a potente campaña “me too” que desenvolveu o feminismo europeo e internacional para demostrar a súa potencia fronte ao machismo.

E non hai tal. Vox medra día a día no Estado (agardemos que non na Galicia) por mor da asunción por parte do tripartito do 155 (PP, Cs e PSOE) da súa axenda...inmigración, eurofobia, galegofobia/vascofobia/catalanofobia,

racismo, machismo e homofobia. O que cómpre é non perder votos (PP e Cs) ou representación (PSOE).

A esquerda española, cando non apoiou o golpe inconstitucional do 155 (PSOE) asumiu (Unidos Podemos-En Comú Podem) unha perspectiva equidistante que lle valeu ao Estado para posibilitar na práctica o golpe, ben difícil doutro xeito.

A culpa do extremismo españolista non é, de certo, a reivindicación catalá (ou vasca ou galega) do seu dereito a decidir. Nin tampouco a reivindicación LGTB, feminista ou ecoloxista. Non.

As forzas da dereita española e máis da esquerda española do silencio teñen normalizado este terríbel ideario e axenda de Vox, moi nomeadamente por non querer enfrontar a substancialidade demcorática alicerzada na forma de Estado republicana ou no dereito das nacións do Estado español a gobernarmos a nosa vidiña-.

A arrincadeira.- Segue a “vaga de fam” dos presos políticos cataláns.

Primeiro Turull e Sánchez, despois Forn e Rull, van aló moitos días dende que estes presos políticos denuncian o adiamento na resolución de cadanseus recursos perante o Tribunal Constitucional (TC) español, contra cadansúas interlocutorias de prisión preventiva.

Estes recursos de amparo perante o TC, sen resolver algúns dende hai máis dun ano, impiden que estes presos políticos cataláns recorran perante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) de Estrasburgo.

Os presos políticos cataláns amosan diante da Europa toda a incapacidade do Reino de España de Felipe de Borbón e Grecia para asumir os valores de democracia, liberdade e plurinacionalidade.

Nin é xusto nin é propio dunha democracia europea.



Pedro Sánchez copia da dereita extrema

Pedro Sánchez esqueceu ben axiña que a afiliación do PSOE votou por él para superaren a o foxo onde os meterá a primeira alma do PSOE (Felipe González, Alfonso Guerra, García-Page, Ybarra, Borrell, Susana Díaz et alter). As eleccións andaluzas do 2-D activaron todos os medos dos líderes territoriais socialistas. E tamén os de Sánchez-Castejón.

A solución para algúns baróns como os presidentes castelán-mancheño García-Page ou o aragonés Lambàn é asumir o discurso da dereita extrema

tripolar de Casado, Rivera e Abascal, ilegalizando os partidos soberanistas. E Pedro Sánchez, no discurso perante o Congreso o 12-D e mantendo o Consello de Ministros do 21-D en Barcelona (xa non como elemento de achegamento, senón como elemento de imperio e provocación), asumiu grande parte deste relato.

Porén, o Presidente do Goberno do Estado non escoita o que ven de dicir R. Zapatero nun xornal madrileño da dereita españolista “...os soberanistas cataláns non son golpistas”, “...animo

Pedro Sánchez que siga a dialogar...” e “Otegui foi unha persoa clave na fin da ETA”. ZP representa a segunda alma do PSOE, hoxe seica maioritaria na Galicia, Euskadi, Cantabria, Asturias ou Illes Balears, así como en amplos segmentos do PSC e do valenciano PSPV...

Non se decata Sánchez que este xiro cara á dereita españolista é extemporáneo. En grande parte da cidadanía xa predeu o discurso dereitista tripolar de que lle debe o cargo a Unidos-Podemos, as súas confluencias catalá e galega e aos soberanistas. Mais tamén é desaquelada. Porque a xente escolle sempre antes o orixinal ca a copia. E porque o único espazo político baleiro na España central e meridional é a esquerda que tente explicar España en

clave plurinacional, proponendo solucións de gobernanza en rede e respectuosas con esa pluralidade, así como asumindo o principio democrático do dereito dos pobos a decidir o seu destino.

A arrincadeira. Segue a folga de fame da maioría dos presos políticos cataláns.

Seguen en folga de fame Jordi Sánchez, Jordi Turull, Josep Rull e Joaquim Forn. Mentres, o Tribunal Constitucional retén a decisión sobre a continuidade de cadansúas prisións preventivas, contra a normativa da Lei de Axuizamento Criminal que obriga decidir esta caste de cuestións no prazo máximo de 30 días naturais e impedindo mentres que recorran perante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Por Oscar Lomba

Vigo: 370 luces por parado

Ataxa de paro no municipio de Vigo aumentou no segundo trimestre de 2018 nun 0,4 % con respecto ao primeiro trimestre deste ano, segundo os datos da EPA (Enquisa de Poboación Activa) publicada recen-

temente. O número total de parados na cidade olívica sitúase en 24.300 persoas, 1.400 máis que nos tres primeiros meses do ano.

Doutra banda en Vigo hai máis de 300 rúas, algunhas delas proximosamente

empedradas, ateigadas de carteis que afirman que “Vivimos nunha cidade fermosa”. Cada noite acéndense 9 millóns de luces led repartidas polas devanditas 300 rúas da cidade olívica. Hainas para todos os gustos e de todas as cores, o que fai que cada parado vigués conte co resplandor de 370 luces led por cabeza cada noite do Nadal deste ano.

Espero que eses mesmos parados teñan a sorte de atopar un emprego o vindeiro ano 2019, aínda que sexa nunha empresa que fabrique luces led...



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

Manuel Estévez

Con Xavier Lemos, na Capela Sixtina do Roucos en Vigo

No día da Constitución, saímos a hora de xantar, este que escribe e o pintor Xavier Lemos do seu estudio, na Avda. Castela, nº 19, para camiñar paseniñamente e ir ao encontro con Antonio Carrasco e Sirita, para compartillar mesa e mantel na Capela Sixtina, que bautizara o pintor de Amoeiro, Antón Pulido, sita no Bar Rouco, templo culinario que fundara hai moitos anos Sem, aquel paisano chegado de terras ourensans de Cenlle con sua dona Adela, pais de amboledos irmáns,



establecéndose na Rua Santa Marta, nº 6, a poucos metros, onde foi a morar igualmente Lemos Godoy, cando casara ante o Cristo da Victoria, naquel 25 de Xullo de 1969, con Jesusa Sotelo García, traballadora de Radio Vigo, tendo como veciñanza a outro elevado expoñente das artes plásticas, Xosé Conde Corbal

Arredor dos fogons de Adela noutrora, alen dos citados, un fervedoiro de artistas, escritores, poetas, bohemios, políticos, editores, aquí e acolá, inesquecibles Xosé Otero Abeledo, Lodeiro, Mantecón, Sucasas, Xosé Guillermo, Mario Granell, Xavier Pousa, Antón Taboada "Willy", Carlos Oroza, Celso Emilio Ferreiro e tantos outros expoñentes da palabra e da escrita, Ferrín, Xosé Manuel Ponte, Xerardo Rodríguez, Gustavo Luca de Tena, Bieito Ledo, uns e outros, deixaron na taberna unha forte pegada literaria e artística.

"El pájaro en el nido para Sira" así adicara o pintor de Botos, un de varios debuxos que penduran nas paredes do local a carón daqueloutra cabeza de Sem, asinado por Xosé Guillermo, pinturas de Barreiro, Huete, M. Caballero ou pirogravados, onde aparece o autor de "Longa noite de pedra", mesmo unha carta enmarcada, asinada por Bernardino Graña no 27 de xuño 1990, onde se pode ler "Hai xa varios meses que teño este poemiña de amizade a tertulia do Bar Roucos. Van pasando os días e non pasa as túas mans como debera..."

Arredor do cocido, incluído marisco, regado con caldos da Ribeira Sacra, lembramos aquela aventura que se forxou alí mesmo, no ano 1973, cando Conde Corbal lle dixera a Xavier que ía expoñer na porta da Feira Mundial da Pesca en Bouzas, resultando despois que a raíz dunha chamada telefónica que lle fíxera na véspera do acontecemento, Xosé Carlos Rodríguez a Lemos, solicitando que lle pintase as letras do stand de "Orpheo", o xóven artista



durante a realización do seu traballo, ollou dun lugar baleiro e sen dudar foi o estudio a procura de cadros sobre a vida e costumes dos mariñeiros e casas do barrio de O Berbés, convertindo o espazo nunha galería de arte, sendo o primeiro en inaugurase polas autoridades e no seguinte día titular do xornal -El Pueblo Galego- "Un polizón a bordo da Feira Mundial da Pesca".

Isto e moito mais, podía acontecer noutros días na Taberna de O Roucos de Santa Marta, que a que sigue en pe ao carón do covento dos Franciscanos, dous templos antigos da cidade de Vigo, culinario e relixioso, que non debemos esquecer.

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Con perdón, a mala educación non é a solución

Levamos xa tempo nun estado de crispación que non é normal. Fai-nos socialmente excitados, como se os problemas que nos rodean puidesen levarnos a unha conmoción total a nós e ás nosas vidas. Nesta alarma social constante que nos vai coller de novo perdidos e mirando para outro sitio. A situación é de discordancia total, de falta dunha mínima harmonía, entre os diverxentes como debera ser normal pois a nosa maior riqueza é esta diversidade, esa múltipla razón de ver as mesmas cousas e poder opinar distinto. Pero esta diversidade non debe estar arroupada por abusos nin por mentiras, por miserias e traizóns, pois esterilizan a propia diferenza que nos significa e dá entidade. A estratexia do descrédito, ausencia de entendemento, ameaza verbal desde a aldraxe e a inxuria, a provocación e o odio, tennos suspendidos en actos sen

o acordo mínimo, sen solucións viábles que –por certo– sempre deberan ser posibles. As siglas dos partidos veñen ser arma feroz que abandeira a des-localización das críticas. Algúns amparan nelas os seus perversos intereses persoais. A perda de tempo lévanos á falta de avances para que os discursos se volvan cribles en feitos, que amparen solucións ás novas e vellas problemáticas. As iniciativas e propostas pódense falar, pero non se deben deter na falta de educación. Esas son excusas que ocultan a razón. Os gobernados precisamos accións que impidan o desastre, que eviten a inxustiza, que emenden erros como esta caída vergoñenta na extrema dereita que ofende, mesmo, na memoria. Non se poden aceptar rebaixas no ámbito social, perda de dereitos, de horizontes, porque podemos caer na reacción e a volta atrás. Cómpre que os que teñan respon-

sabilidade cheguen a acordos e dean horizontes. Non nos vale que queden no improprio para seguir na provocación. Necesitamos que eses acordos baseados na busca das solucións, defendan os nosos intereses con uñas e dentes pero procurando algo para a sociedade. Trátase dun intercambio de propostas, non de constantes insultos. Pasou o tempo e non fixeron o agardado, nin gobernantes nin oposición. Por iso tanta xente está farta. Empezo a pensar que gobernan contra do ben común ou esquecendo as promesas. Vemos que no canto de razóns empregan o camiño doado da excusa ou do insulto. Que non, contra esas afirmacións ousadas cando fan uso da palabra están as rectificacións sabias, e teñen obriga de empregalas. É a segunda parte da negociación e entendemento, a parte da probabilidade, quizais da suma e do acordo, nunca o silencio pois devóranos. Todo isto de entenderse –polo beneficio dos gobernados– desbórdalles, non dan solución aos nosos problemas pequeniños, eses de empatía social, de deseño de esperan-

zas, de conciliación e comprensión, de integración e talento, de amor ao noso, de conforto co que temos gratificados nesa mañá que se abre a liberdades, de traballos dignos, de axudas aos necesitados. Sumando vontades. Pois é o pan de cada día e non contradí os credos políticos de cada quen, moi dignos e contrapostos, ben sabemos, pero que teñen unha certa tendencia antidemocrática se van por libre. Ben se ve nos resultados das votacións que vai habendo. Pois, daquelas, deberán empezar a deixar de vivir para o espectáculo, ese que montan os medios de contubernio social disperso. Trátase de facer algo por todos, digno de mención e memoria. Nada máis, nin nada menos. Senón, xa se sabe, gaña a banca e a dereita, aquela máis reaccionaria. Miren para abaixo nos mapas e verán o que aí vén. Daranse conta do precioso tempo perdido e que, ese tempo de insulto, ninguén nolo devolverá!



OPINIÓN

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Carlos Velo no Liceo

A Fundación Carlos Velo celebra no Liceo de Ourense un acto baixo o rubro “O Carlos Velo que coñecemos” ao que fun convidado. Como non vou poder asistir, quéronme sumar ás voces convocadas para contar desde este xornal as vivencias que tiveron co noso cineasta, relatando como e cando o coñecín e que relación tiveron con el, amais dalgunha anécdota que partillamos xuntos.

A primeira vez que tiveron coñecemento de Carlos Velo foi nun parladoiro celebrado na rebotica de Domingo Fernández del Riego á que eu acudía con frecuencia. Nela participaba tamén Antón Velo, o irmán do admirado Pepe Velo, ambos os dous curmáns de Carlos. Era eu aínda un mozo de dezaseis anos que empezaba a iniciarse no galeguismo da man de Xaime Seixas, un crego xesuíta que me aleccionou no coñecemento da historia do galeguismo e me introduciu nel, contando coa bagaxe previa que me aportaran os relatos familiares da miña casa, que non foi pouca. Meu pai fora amigo de Pepe Velo e correlixionario no Socorro Roxo.

Chegoume un día, da man de Xaime Illa Couto, cofundador da editorial Ga-

laxia, con moito aquel de misterio, como era costume naqueles tempos, un exemplar da revista Vieiros (1959 – 1968) editada polo Padroado da Cultura de México. Tanto no Padroado como no consello de redacción da revista notábase o maxisterio de Carlos Velo, de Luís Soto, Florencio Delgado Gurriarán e o pintor Arturo Souto, entre outros.

No citado parladoiro da rebotica alguén fixo mención a un artigo de Carlos Velo publicado no primeiro número da revista titulado “Os Fitos da Xuventude”. A súa lectura foi decisiva no meu compromiso nacionalista, que, co paso do tempo, había ser transcendental por ter responsabilidades anos máis tarde na dirección da entón clandestina UPG. Un dos parágrafos dicía así: “Si, sodes vós, rapaces valentes, avencellados escontra daqueles que aínda teñen un Sorriso firente cando se fala dos “galegos”, sodes vós os que, esbordando os sinxelos anceios estatutarios, teñen que conquistar os fins colectivos...para que o dereito humano da autodeterminación sexa unha realidade económica”.

Pero realmente foi Luís Soto, un dos

fundadores da UPG, o que me aproximou a Carlos Velo. Tanto lle falou Soto de min a Velo, louvando as miñas dotes no liderado da organización, que o deixou prendado da miña humana militancia nacionalista. Pasaron os anos e por volta dos anos oitenta, aproveitando unha súa estadía en Madrid, convidéino a que viñese a Galicia para coñecermonos personalmente. Sorprendeme que aceptase o convite, sabendo que as súas ocupacións na capital eran moitas. Veu a pé feito para pasarnos un día xuntos e marchar de volta o seguinte. Lembro aquel encontro no que me amosara o seu estuista afecto cunha duradeira aperta como se nos frecuentásemos de vello. Puiden telo coñecido na década dos setenta cando Luís Soto me ofrecerá a súa casa de Cuernavaca, lindante, por certo, coa de Mario Moreno “Cantinflas”, para asistir á homenaxe ao poeta León Felipe. Pero non puiden ir e perdín a ocasión de coñecer a Carlos e de paso ao afamado actor. Luís Soto foi o causante da admiración que Carlos tiña por min.

Sabendo que Carlos era biólogo mirei de amañar un barco dun amigo para levarlo a facer unha viaxe pola ría que durou toda a mañá, arrolados polas ondas do mar de Vigo nas que parecíanos escoitar a Martín Codax cantar as súas cantigas. Botamos tamén pé na illa de

San Simón para apreixarmos a lírica de Mendiño. E atrácamos nunha batea. Era a primeira vez que subía a unha e aquilo provocárame unha emoción indescribible. Foi nesa viaxe cando me dixon que tiña unha espiña fonda cravada por non ter feito a película do secuestro do “Santa María” protagonizada polo seu curmán Pepe Velo. Desá conversa naceu a idea de escribir unha biografía. A través da súa filla Manuela, cantante de ópera con residencia en Venezuela, conseguín o contacto co seu irmán Víctor, que acompañou ao seu pai naquela xesta histórica, que axiña me enviou un mandado de fotocopias de documentos inéditos que logo cedínllos a Antón Piñeiro para escribir unha biografía densa e ben traballada sobre Pepe Velo, despois de renunciar eu a escribila.

O papel de Carlos Velo no exilio mexicano foi fundamental para acrecentar a loita contra a ditadura franquista. Pero tamen apoiando, algo que poucos saben, ao grupo capitaneado por Fidel Castro que preparou en México a sublevación contra Batista. Carlos Velo, unha vida de cine que aínda está por rodar.



Ramón Coira Luaces

Un novo estatuto para Galiza

O auxe do fascismo no Estado provén dun lume endémico que nunca se apagou: o franquismo. E trátase dunha reacción aïrada contra os movementos soberanistas que poñen en perigo o sistema de dominio español sobre nacións como Catalunya, Euskal Herria e Galiza. Trátase de manter a supremacía nacional e lingüística españolas, que lles reporta beneficios económicos e o total control do Estado. VOX propón nada menos- que suprimir as autonomía, porén recentralizar o Estado propono tamén C's e PP. O perigo está nestas forzas e medios de comunicación que vernizan ou aceptan ese discurso brutal, intentando darlle unha aparencia de normalidade e respectabilidade ao fascismo. Por medo aos colectivos que se moven dacordo cos

tempos. Queren combater en xeral á esquerda organizada e aos nacionalistas: partidos e sindicatos. Atacar aos inmigrantes. É dicir: represión e dominación de tod@s@s que amenazan o “status quo”. Propiciando tamén abusos nas institucións contra personal



oficial díscolo de ministerios que, tradicionalmente, tiñan e teñen en boa medida controlados. A dereita española ten raíces non democráticas e cústalle condenar o franquismo e as súas tres forzas (PP, C's e VOX) defenden intereses moi similares (e non son os das clases populares, precisamente; aínda que axiten con insistencia a bandeira española). Tradicionalmente, os poderes económicos e fácticos consentiron

ou abrazaron o fascismo cando se viron en dificultades. O seu fascismo é unha mistura de egoísmo, odio, ignorancia e ruindade, que pon en perigo a democracia e a moita xente que non encaixa nos seus esquemas (colectivo LGTBI, feministas, inmigrantes, ecologistas, animalistas,

esquerdistas, independentistas e nacionalistas periféric@s). O fascismo non é unha opinión, é un crime; polo que a memoria histórica (que tanto lles amola) é fundamental. E é necesario organizarse e sermos solidari@s, deixando de lado o sectarismo. Deprendamos dos erros do pasado e non esqueamos que “a memoria é todo”, como ben dicía Isaac Díaz Pardo. Aïllar o fascismo puro e duro é necesario, mais para iso necesítase a concorrencia de forzas que sempre o consentiron. Porén eu teño esperanza no pobo galego e en que Galiza se afirmará e erguerá unha vez máis. E confío, especialmente, no BNG, pola súa clara defensa dun novo estatuto político para Galiza. E quero ilustrar o texto cunha imaxe positiva e de esperanza nun futuro mellor.



Gonzalo Caballero no debate sobre o traspaso da AP-9 no Congreso: “Desbloqueamos o veto do PP sobre os intereses dos galegos”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, valorou hoxe, coincidindo co debate no Congreso da toma en consideración da proposta de transferir a AP-9 a Galicia, que os socialistas “desbloqueamos o veto do PP sobre os intereses dos galegos e das galegas”.

“Tivo que chegar un goberno socialista para que se poida debater o que foi plantexado pola unanimidade do Parlamento de Galicia”, remarcou o líder do PSdeG tras manter unha xuntanza cos deputados e senadores socialistas de Galicia na que tamén participaron membros da dirección do Grupo Parlamentario.

Por tanto, Gonzalo Caballero considerou que a de hoxe é “unha xornada

importante”, pois un asunto “recorrente” en Galicia, o das elevadas peaxes da AP-9, será abordado por fin no Congreso dos Deputados tralos “vetos” impostos na etapa de Mariano Rajoy.

“Feijóo púxose trala defensa da transferencia da AP-9 a Galicia, pero o certo é que mentres gobernou Rajoy, foi incapaz de convencer ao PP e ao seu goberno para que se tratase o tema no Congreso”, recordou o máximo dirixente do PSdeG, consciente dos “enormes custes” que estas peaxes implican para familias e empresas galegas.

E, sen perder de vista que foi Aznar quen prorrogou a concesión desta infraestrutura “ata 2048 coa connivencia de Feijóo”, o que supón “unha anomalía, por exceso, dentro do conxunto



de autoestradas do país”, Gonzalo Caballero contrastou “o plantexamento de país, pensando nos galegos” que manteñen os socialistas.

Así, avanzou que tras saltar “o primeiro obstáculo” coa toma en consideración da norma por parte do Congreso, Gonzalo Caballero sinalou que queda por diante “un traballo intenso” para “mellorar a mobilidade” en Galicia.

“Hai que abrir o debate sobre as infraestruturas que posibilita un tratamento distinto, para evitar unha

suba continua das peaxes”, defendeu o líder dos socialistas galegos, para explicar que o traspaso da AP-9 non se pide unicamente “en clave de obter máis competencias ou de mellorar o autogoberno”.

En concreto, subliñou que o obxectivo desta demanda unánime do Parlamento de Galicia é conseguir “menores custes”, para que os galegos e as galegas “teñamos unhas condicións de prezos moito máis acordes ás necesidades do país”.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

I Festival Internacional de Danzas de Reis

O goberno de Ponteareas porá en valor as tradicionais danzas de Reis que no noso concello siguen moi vivas grazas ao esforzo realizado polos distintos colectivos sociais por recuperar e manter os sinais de identidade da nosa cultura ao longo dos anos.

Para render homenaxe a esta antiga tradición Ponteareas organiza o I Festival Internacional de Danzas de Reis que terá lugar o vindeiro domingo día 23 a partir das 17 horas. O primeiro festival da península exclusivo para este tipo de danzas que arranca cunha recepción no concello para dar paso a unha ruada polo centro urbano e chegar ao auditorio municipal arredor das 17:30 horas e comezar



as actuacións dos cinco grupos que actuarán.

O Rancho de Reis de Guláns, o Rancho de Fozara, o de Santiago de Oliveira, o Rancho de Reis da Feira de Salceda de Caselas e o Rancho Pauliteiros de Miranda (Por-

tugal) ofrecerán ao público unha lección de historia coa recuperación de traxes, músicas, cantares e movementos típicos das datas de natal nas que a veciñanza ía dunha parroquia a outra anunciando a chegada do día de Reis.

Aventuras, gastronomía e augas termais no sorteo dos IV Bocados de Outono

A concellería de Comercio, Hostalería e Consumo que dirixe Inés Vidal entregou os premios da cuarta edición do roteiro gastronómico Bocados de Outono.

En presenza dalgúns dos doce hostaleiros participantes, Inés Vidal entregou o primeiro premio a Fernanda Tellado que desfrutará de catro entradas para o ecoparque multiaventuras de Marín.

O segundo premio de Bocados de Outono foi para Sonia Miguélez que resultou agasallada con dúas entradas e cea para dúas persoas no Palacio de Auga de Mondariz.

O menú degustación para dúas persoas no restaurante A Xanela Gastronómica foi para a terceira premiada, Almudena Iglesias.

Inés Vidal agradece tanto á clientela como aos locais



participantes a súa implicación nesta divertida ruta gastronómica que permitiu degustar produtos de outono e descubrir algúns dos pratos máis saberosos que a hostalería ponteareá ten para ofrecer.

Promocionar a hostalería de Ponteareas e dinamizar a oferta lúdica son os obxectivos deste roteiro gastronómico que este

ano entregou ademais vinte vales de 20€ para consumir nos locais participantes.

No peche desta edición, a hostalería participante e a concellería estudan xa novidades e sorpresas para a vindeira edición ao resultar estas tres fins de semana de Bocados de Outono un novo éxito con récords de clientela.

Divernadal abre as súas portas na Praza Mayor para os máis pequenos

A concellería de Ensino e Participación Cidadá que dirixe Cristina Fernández informa que con motivo da tempada de nadal porá a disposición de todas as familias actividades infantís que terán lugar na carpa da Praza Mayor para que os adultos poidan realizar as compras no comercio local mentres os cativos e as cativas xogan e aprenden

acompañadas de dúas monitoras de tempo libre.

"Divernadal" estará aberto de 17 a 20 horas os días 7, 9, 14, 15, 21, 28 e 29 de decembro.

Actividades lúdico didácticas que farán das tardes de nadal momentos nos que facer novas amizades, adquirir habilidades e agardar entretidos mentres os maiores fan as compras de nadal.

Aparcamiento reservado para clientes da praza de abastos



A concellería de Comercio, Hostalería e Consumo que dirixe Inés Vidal da resposta á demanda dos comerciantes da praza de abastos que dende hai anos solicitan prazas reservadas de aparcamento para a súa clientela. Para facelos máis competitivos se dispuxo prazas de aparcamento de balde neste espazo comercial no que mercar os mellores produtos frescos.

Coa intención de incentivar as compras na praza de abastos, Inés Vidal reserva trece prazas en horario de 09 a 14 horas únicamente para a clientela da praza. A partir das nove da mañá unha barreira delimitará ata as 14 horas a zona de aparcamento exclusivo na rúa Cantón de Boavista. Os usuarios e usuarias tan só terán que achegarse á barreira para que esta se accione e os deixe acceder.

Para saír deberán aportar unha moeda que os e as comerciantes da praza de abastos lles facilitarán polas súas compras.

"Esta era unha demanda da asociación da praza de abastos que como centro comercial reclamaba este servizo. Promocionar a praza de abastos e dar a oportunidade á clientela de atopar un lugar doado e cómodo donde facer as súas compras é o obxectivo destas prazas reservadas. Por outro lado facilita o estacionamento aos profesionais da hostalería que mercan na praza de abastos os seus produtos frescos e dispoñen de moi pouco tempo. A nosa pretensión é que na súa lista da compra estean os produtos da praza símbolo de mercado no que atopar froita, verduras, hortalizas, peixe ou carne, entre outros produtos", explica Inés Vidal.

Por CARLOS MEIXOME

Chega Maraño

Na nostalxia infanto-adolescente de quen escribe hai un nome eufónico, un lugar case descoñecido, mítica referencia paterna: a ponte do Maraño. Alá, pola estrada da Graña, a seguir ade Mouriz ata o linde municipal entre O Carballiño e Cea, cabalgando sobre o río que achega caudal ao Arenteiro. O meu río grandísimo que as ensinanzas do tempo, es-trañadoras de nós, agochaban.

Había que memorizar o caudaloso Maraño peruano que preñaba o río mais longo do mundo, ata saber do Maranhão brasileiro facendo reviraganchos polo estado de Goiás, non pola parroquia de Lalín famosa pola curandeira, ou mesmo acordar o estado do Maranhão, denominación primixenia do norte para diferencialo do sur, o Brasil. Pero e nós que sabiamos destas gran-

dezas da nosa lingua enxertadas na inmensidade continental?

O Maraño era onde San Benito curaba as espulas ou verrugas. Era tan avogoso que a min tiroumas e iso que foi por dobre interpolación. Amin non me levaron, e miña nai mandou a ducia de ovos por unha veciña, quizais máis devota. O santo xeneroso fíxomas desaparecer.

Agora chega Benito Maraño, un policía que emerxe da imaxinación faturenta de Bieito Iglesias que terá que resolver un dobre feminicidio na Auria de hoxe. O inspector, un corentón, en remede quevedesco, pegado a unha napia de boa tallada, segundo lle aparentou a Xulio Gayoso, autor dunha ducia de ilustracións, e unha máis, que iluminan momentos intensos destes Guías Caninos (Aira, 2018).

Un escéptico, moito, e cínicco, un chisco, medio desertor do arado que se meteu a policía non para imitar os protagonistas das series americanas senón para vivir de estoa, isto é sen pegar selo, como el mesmo afirma, e que, ao fin, terá que recorrer ao can paterno, o Pastorán, para que faga o traballo do que non dan conta os relambidos cans policiaís.

O policía nacional Benito Maraño, neto dun fuxido, fillo dun mundo que se esvaece, trouxa coa "manada" e o fanatismo madridista, non sabe en que equipo xoga Chesterton e está preocupado por se o Barça, a súa única paixón

xunto ás cancións italianas, ficha a Verrati ou a Pogba. Mais aínda é humano, o seu nihilismo non lle anulou a sensibilidade precisa para investigar o asasinato de dúas mulleres, acudir ao neno morto nun contedor, a adolescente que se guinda dende un piso elevado ou escorrentar uns universitarios que acosan con brutalidade unhas colegas, na vez de andar a botar contas de cando lle toca o ascenso ou de apañar un posto de relevo nunha carreira que para el é, en exclusiva, o sustento necesario.

Descrido en todo. "E digo eu onde está escrito que viñamos a este mundo para ser queridos", preguntase inquieto pola indiferenza de Marita, que só lle prestará atención cando saia en heroico retrato en La Región e tras convite parisino.

Retranca, humor de sorriso permanente, non de gargallada estrondosa, dominio da técnica literaria e do relato policial, construción dunha lingua para dar o chimp da oralidade, dun mundo en extinción, a contemporaneidade.

Ese esforzo, case en solitario na nosa literatura, de Bieito Iglesias por axeitar a expresión campesiña non para poetizar a nostalxia, non para encinestrarse na etnografía, senón para describir a realidade actual, mesmo, en frase feita, a máis rabiosa actualidade.



Prolongado desvelo, dende hai máis dun cuarto de século, encetado en Aventura en Nassau ou naquela Miss Ourense das andanzas do inspector Gomersindo Nespereira, agora xubilado con non moi boa pensión e conselleiro de Benito Maraño entre partidas de tute e cántigas con acordeón.

A diferenza de outros autores de relato policial que ceiban a súa imaxinación ata inverosimilitudes excesivas, Bieito Iglesias limita as súas á realidade auriense de fantasiosas ocorrencias das que son boa mostra, en xeral, a política provincial, e, en especial, ese fenómeno inspirador, ou inspirado, do exitoso beppegrilismo, triunfante na cidade das pontes.

Agardamos xa por outra entrega de Benito Maraño tanto por ficar sen resolver a súa perigosa tirapuxa cun fodinchas con haiga como porque as últimas palabras de Maraño son, arredando a Clint Eastwood, "Volverei, fillos dun can!"



'No perfil das verbas', de Baldomero Iglesias (Mero)

O mestre vilalbés, colaborador de opinión en Foro a Peneira, Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero, ven de presentar en Santiago, Vilalba e Lugo o seu libro de poemas "No perfil das verbas". Con ilustracións e foto da cuberta de María Guerrero, editado pola Asociación Cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María, resultan ser un libro dunha gran beleza que contén, en realidade, 4 libros: "Pardiñas a festa das artes", "Presentido paraíso", "Doce ducias" e "Outros poemas", algún deles antes noutro formato e agora en libro, outro antes editado en branco e negro e agora a cor.



CONDADO / PARADANTA

Mondariz mellora as instalacións da Policía Local e Protección Civil

O Concello de Mondariz investiu máis de 9.000 euros (9,351,38) nas instalacións da Policía Local e Protección Civil con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. As obras complementaron as realizadas hai un ano que estiveron centradas, exclusivamente, na adecuación do espazo interior.

As obras que se realizaron permiten ofrecer “tanto a Policía Local como Protección Civil, unhas condicións dignas de traballo”.

“A Policía Local precisaba dunhas instalacións axeitadas para desenvolver un labor que é de extraordinaria importancia para a veciñanza”, apunta o alcalde de Mondariz,

motivo polo que, unha vez instalada a policía local nesas dependencias, o Goberno local acometeu obras de mellora do mesmo de cara a dotalo dun vestiario e un aseo adaptado, sen que iso supuxera a modificación da estrutura, o volume ou o seu aspecto exterior.

Con esta obra, continúa explicando o alcalde Xoán Carlos Montes, “as instalacións contan cunha climatización axeitada e outros elementos básicos para a súa posta total en funcionamento”.

O proxecto contemplou a instalación dun sistema de climatización mediante equipos de aire acondicionado con bomba de calor. Ditos equipos per-

miten unhas correctas condicións térmicas e de humidade.

Doutra banda, e de cara a optimización enerxética do local, procedeuse ao cambio das antigas fiestras corredoiras, por outras oscilo-batentes de dobre acristalamento de cara a mellorar o illamento e tamén substituíu a porta de entrada.

En canto a medidas de seguridade fai referencia, as ventás e a porta dotáronse de persianas de seguridade e os mostradores, con peches de vidro de seguridade cun sistema de correioira.

Finalmente, as obras incluíron a mellora dos vestiarios nos que, ademais doutras actuacións, dotouse a ducha dunha mampara e un banco.

Campaña Café con Letras en Redondela



O día 5 presentouse en Tía Estébana a campaña “Café con Letras”, impulsada polo Servizo de Normalización Lingüística e a Asociación de Empresarios/as de Redondela. Con ela preténdese fomentar a lectura de breves libros dedicados ao patrimonio das parroquias de Redondela. Os tres primeiros son Cesantes, Trasmañó e Ventosela.

Durante a presentación, a concelleira Teresa París destacou a importancia da posta en valor do acervo cultural de Redondela que se consegue con estas publicacións. “Cada libro contén un estilo propio. Grazas a eles podemos descubrir espazos únicos e aprender da nosa riqueza patrimonial”. Ademais adiantou que a colección continuará o vindeiro

ano coa publicación de tres novas parroquias.

Pola súa parte, Xurxo Costenla, autor do libro de Trasmañó, fixo unha lembranza especial a Cecilia Gil e a José Álvarez Gil por gardaren a memoria vida desta parroquia. Explicou que, ademais do xacemento arqueolóxico de Monte Penide, tamén “existe un camiño natural ao longo do río Fondón de enorme valor natural e cunha ducia de muíños que son mostras da arquitectura tradicional”.

Os libros estarán presentes nun total de oito cafeterías que se ofreceron voluntarios para participar. Os exemplares poderanse ler no establecemento pero non levar consigo. As persoas que queiran levar algún poden pasar polo Multiúsos da Xunqueira ou pola Biblioteca de Chapela.

Covelo prepara un Mercado de Nadal

A Praza Mestre Cerviño de Covelo acollerá o sábado 22 de decembro, un Mercado de Nadal, entre as 10.30 e as 14.00 horas. Inclúe exposición de artesanía, decoración, produtos de hortas ecolóxicas, marmeladas e licores, alumnos do colexio de Covelo venderán doces, chocolates e outros agasallos, haberá artigos de bazar,

posto de voluntariado social, posto de mel, bixutería e arte floral, entre outros.

O grupo Seixos Brancos interpretará panxoliñas a partir das 12.00 horas.

Así mesmo, o venres 21 de decembro as 19:30 horas no Pavillón Polideportivo Municipal terá lugar o Festival de Nadal do Club de Patinaxe de Covelo.

Miguel Domínguez solicita á Deputación a recuperación da Ponte de Achas

Miguel Domínguez solicita á Deputación de Pontevedra que se cumpla o comprometido na visita da Señora Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a este Concello o 2 de decembro de 2016 para inaugurar a nova variante da EP 5002 Ponte sobre o río Deva rotonda enlace EP 5002 con EP 5102 e se executen as actuacións necesarias para a recuperación e mellora desta Ponte de incalculable valor non so patrimonial, senón tamén histórico.

A Construción desta variante estivo motivada pola urxente necesidade de desviar a circulación da antiga ponte románica de Achas, co obxectivo de protexer este importante elemento da nosa arquitectura civil e tamén de poñelo en valor, restaurando a Ponte e mellorando a súa



contorna. Así estaba comprometida esta actuación, paralela a construción do vial, durante o goberno do Partido Popular.

A Presidenta da Deputación comprometeuse igualmente hai dous anos a levar a cabo as actuacións necesarias para a restauración e mellora da Ponte, sin que ata o momento se teña constancia nesta Alcaldía dos traballos desenvolvidos a tal efecto.

A Ponte de Achas, xunto

coa Ponte de Mourentán en Arbo foron claves na historia da Guerra da Independencia. Está considerada como un dos Sítios da Comarca da Paradanta da Resistencia das Alarmas contra as Tropas Napoleónicas nos acontecementos do mes de febreiro de 1809 en Galicia. Nesta ponte foron retidos os soldados franceses, permitindo á resistencia galega reorganizarse na localidade de Ribadavia.

O goberno do Porriño asumirá, sen intermediarios, a organización da Interrunning

Amosan o seu estupor pola decisión dos responsabeis da Interrunning e lamentan a súa deslealtade para cos porriñeses

Alcaldesa, Eva García de la Torre, e Manuel Carrera, tenente de alcalde e concelleiro de Deportes do Concello do Porriño, veñen de amosar a súa estupefacción logo de coñecer a decisión, unilateral, dos responsábeis da Interrunning de non seguir organizando esta proba no Porriño, logo de 12 anos.

García de la Torre e Carrera lamentan esta decisión e rexeitan as formas nas que vén de anunciarse a mesma por parte dos ata hoxe organizadores: nas redes sociais e sen

contactar en momento algún, dende a finalización das carreiras deste ano, nin co concelleiro de Deportes nin coa alcaldesa para expor as posibles diferencias ou discrepancias que puidesen ter co Concello do Porriño.

A alcaldesa e o concelleiro de Deportes subliñan que nunca, en ningún momento nin de xeito algún, os organizadores da Interrunning trasladaron queixa, desencanto ou problema pola actuación do Concello: ao contrario, especialmente este 2018 amosá-



ronse moi satisfeitos porque foi a edición na que máis atletas participaron.

García de la Torre e Carrera lembran que a colaboración do Goberno local e do Concello do

Porriño foi total coa Interrunning, tanto no que se refire nas achegas para esta proba, que na última edición subiron ata os 15.000€, coma en medios materiais e humanos- para facer

posible que a proba puidese disputarse, coma a actuación de voluntarios, membros de Protección Civil do Porriño e axentes da Policía Local.

En calquera caso, o Goberno local, que deplora a deslealdade co Concello do Porriño e cos porriñeses por parte dos responsábeis desta cita, non consentirá que os milleiros de deportistas que participan cada ano se vexan defraudados e, por tanto, na vindeira edición o Concello asumirá directamente a organización da Interrunning o Porriño.

“Non imos a tolerar que mediadores, intermediarios ou xestores externos nos poñan na picota por temas externos, completamente, á Alcadía e ao Goberno local”.

Carmela Silva en Salceda: "As mulleres estamos fartas de minutos de silencio"

O nome de Laura Luelmo, a moza asasinada en El Campillo, foi esta mañá protagonista en Salceda de Caselas na intervención da presidenta da Deputación, Carmela Silva, que fixo unha rotunda apelación contra as violencias sobre as mulleres e un berro de profunda carraxe contra o machismo, antes da acción artística de “Mulleres en acción. Violencia Zero”.

Silva confesou estar indignada, cabreada, farta do machismo. Farta de ter medo, de non poder saír soa á rúa, de facer deporte sen que alguén teña que acompañarte, de que poida aparecer un machista e lle quite a vida. Por iso, dixo, hoxe non queremos minutos de silencio; queremos berrar alto e claro ¡¡ basta xa de machismo!!

Sobre os partidos que falan de derogar a lei contra a violencia machista afirmou que non teñen cabida na democracia. A Lei, dixo, hai que reformala e reforzala para garantir mellor os de-



reitos das mulleres que sofren. dicirlles que o feminismo é a única filosofía posible para construír un mundo real de igualdade.

Carmela Silva quixo rematar o acto sendo optimista porque, pensa, “imos gañar esta batalla da igualdade”. Explicou que o mural realizado hoxe en

Salceda de Caselas fala precisamente disto, “da necesidade de que haxa moitas mans que nos coiden e que coiden a sociedade, que coiden ao 52 por cento da poboación que somos as mulleres, que hoxe máis que nunca berramos alto e claro que basta xa”.

Pola súa banda, o alcalde de Salceda

de Caselas, Marcos Besada, coincidiu na súa indignación e carraxe e apostou pola “alianza entre homes e mulleres, utilizando a intelixencia, para ir gañando espazos a favor da igualdade. É o momento de que non deamos nin un só paso atrás, tal e como veñen proclamando ultimamente moitas asociacións políticas”.

A presidenta da Deputación e o alcalde de Salceda de Caselas participaron esta mañá na cuarta acción artística da cuarta edición do programa “Mulleres en acción. Violencia Zero”. No túnel do Parque Raíña Aragonta, a artista Iria Fafián desenvolveu o mural “O xardín é de todas”, que representa unha imaxe de liberación, de autocoidado e de mantemento dun ben colectivo, “un xardín que entre todas e todos hai que coidar”. A obra componse dunhas mans de muller cunha tesoiro liberando, dunha maraña de espiños, outras mans que están rodeadas destes, envolvéndolles os brazos.

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

O mercado de Tomiño convértese no primeiro en obter o selo de excelencia que outorga a Xunta

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, entregou á alcaldesa de Tomiño, Sandra González, o distintivo de Mercado Excelente para o mercado municipal, converténdose este no primeiro de Galicia en contar con este selo que outorga a Xunta de Galicia. Contou tamén coa asistencia da directora xeral de Comercio e Consumo, Sol María Vázquez Abeal; o delegado da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís e o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas López, ademais de concelleiros

e representantes do Centro Comercial Aberto de Tomiño.

Conde sinalou que o selo de excelencia é un recoñecemento ao traballo colectivo, salientando o esforzo das distintas partes implicadas. Así, apuntou que o Concello de Tomiño apostou por estas instalacións, contando co apoio da Xunta, e resaltou de xeito especial a implicación dos praceiros e praceiras, que “coa súa profesionalidade converten o mercado tomiñés nun emblema de calidade e excelencia”. Do mesmo xeito, subliñou o respaldo da cidadanía, que comprando no mercado día a

día potencia un punto de encontro no que o comercio, a gastronomía e as actividades de ocio van da man, no que pemes e autónomos desenvolven a súa actividade de forma competitiva, creando riqueza e emprego.

“O mercado de Tomiño acadou o selo de Mercado Excelente pola súa resposta aos retos de modernización e innovación sen perder a súa autenticidade e tradición, así como pola proximidade e o trato personalizado”, explicou o conselleiro.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, pola súa banda, agradeceu o traballo realizado



Tomiño remodela un segundo mercado municipal, na parroquia de Goián

Os veciños e veciñas de Goián, a segunda máis habitada de Tomiño, estreará o vindeiro 22 de decembro, un mercado renovado e especializado en produtos da terra. Unha nova aposta do Concello de Tomiño que pretende dar un paso máis na defensa dos produtores locais e dos produtos de proximidade.

Tras unha reforma integral levada adiante pola mesma equipa que remodelou o Mercado Municipal de Tomiño, recentemente distinguido pola Xunta de Galicia co primeiro Selo de Mercado Excelente de Galicia, abrirá as dúas portas este novo espazo comercial, no que a característica máis destacable será a presenza de produtos de alta calidade do entorno.

Carnicería-chacinaría, peixería, frotaría-verdulería e tenda ecolóxica, conformarán esta nova oferta chea de sorpresas.

Alto da Aldea é unha carnicería-chacinaría que comercializará tenreira cachena, porco



Infografía do mercado de Goián.

celta e cabra galega. As carnes proceden de animais criados na parroquia de Goián e transformados en embutidos no propio mercado, no obradoiro deste establecemento. A Videira porá á venda froitas e verduras cultivadas no Baixo Miño polos propietarios deste negocio, así como doutros vexetais procedentes doutras hortas. Peixería Estrela contará cun amplo surtido de peixes e mariscos da ría, e Alce Tendae colóxica vai ofrecer produtos ecolóxicos, de proximidade e a granel, ademais de pequenas degustacións caseiras apostando

sempre por unha alternativa máis sustentábel.

O proxecto foi realizado grazas a financiación da Dirección Xeral de Comercio e do Concello de Tomiño, no marco das axudas para a creación de Novos Espazos de Emprendemento Comercial (70.000 euros máis 35.500 de achega municipal), e vén colmar as expectativas da poboación desta parroquia que maioritariamente expresou o seu desexo de conservar o antigo mercado, no proceso participativo que o concello puxo en marcha antes da redacción deste proxecto de reforma.

polos técnicos e praceiros e praceiras para conseguir que o mercado de Tomiño, obtivese o distintivo de excelencia, o que significou moitas horas de traballo e dedicación. A rexedora tivo tamén palabras de agradecemento para a Xunta de Galicia e para o seu equipo de goberno, especialmente, para o con-

celleiro de Promoción Económica, Antonio Tartaglione, cuxa labor influíu para conseguir este distintivo, o primeiro que se entrega en Galicia. Por último, González agradeceu o apoio decidido da cidadanía que vén comprar ao mercado habitualmente, facendo desta infraestrutura e arredores un eixo vertebrador do municipio.

Primeira Carreira de Nadal en Tomiño

O Concello de Tomiño, en colaboración co Club Atletismo Trega organiza a I Carreira de Nadal Tomiño 2018, que terá lugar o día 23 de decembro próximo. A saída será a rúa Daniel Calzado para todas as categorías: Absoluto Masculino/Feminino 4.5 Km. (11.00h); Alevíns Masculino/Feminino 1.5 Km (11.30h); Infantís Masculino/Feminino 1.5 Km (11.30h); Cadetes Masculino/Feminino 1.5 Km (11.30h); Benxamíns Masculino/Feminino 600 metros (11.40h); Prebenxamíns Masculino/Feminino 250 metros (11.50h) e Pulgas Masculino/Feminino 100 metros (12.00h).

Ao remate da proba, haberá chocolate para todas as persoas participantes.

As inscricións son de balde, podéndose facer por e-mail a carreiranadaltomino@gmail.com ou formalizala o mesmo día da proba.

A promoción do Camiño de Santiago ao seu paso por Tui será un dos obxectivo do obradoiro Percorre Tui 2018

Vinte persoas en situación de desemprego participan dende hoxe no obradoiro Percorre Tui 2018, no que tras nove meses de formación mellorarán a súa empregabilidade. Impártese no Centro de Formación en Guillarei con dúas especialidades “Promoción turística local e información ao visitante” e “Confección e publicación de páxinas web”. Integran o obradoiro un director, unha titora, un docente por especialidade e unha auxiliar administrativo xunto a vinte alumnos e alumnas. O obradoiro conta cunha achega de 288.807€ concedidos pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta mañá o alcalde, Carlos Vázquez Padín, e a concelleira de Emprego e Formación, Mila González achegáronse ata o Centro de Formación para darlle á benvida aos participantes no obradoiro e desexarlles o máximo aproveitamento desta actividade formativa. O alcalde, como responsable tamén da Área de Turismo, explicouse que ares-tora está adxudicado a redacción dun Plan Director de Turismo do Municipio, que o concello terá por vez primeira un técnico de Turismo con carácter permanente, e que se ven de completar a sinalización do conxunto histórico. Tamén lles explicou que Tui rexistrou a súa solicitude para formar parte da Rede de Juderías de España, unha resolución que se coñecerá na primavera.

Rodolfo Villalba, director do obradoiro Percorre Tui 2018 explicou que a especialidade de turismo fará un balance e presentará unha serie de propostas para promover o Camiño de Santiago ao seu paso por Tui. Mentres o alumnado de Confección e publicación de páxina web dará forma técnica aos contidos propostos



polos seus compañeiros. M^a Jesús Álvarez a monitora da especialidade de Turismo sinalou que se centrarán na promoción non só do Camiño de Santiago ao seu paso por Tui senón tamén as rutas de sendeirismo que hai en todo o termo municipal. Elaborarán informes coa coas fortalezas e deficiencias de cada percorrido. A parte práctica a levarán a cabo coa realización de rutas guiadas, actualización de bases de datos, ou na propia Oficina de Turismo. Mentres Marcos Villafín, o monitor da especialidade de páxinas web indicou que o alumnado se iniciará nas novas tecnoloxías para promover os contidos que aportarán dende a especialidade de Turismo cunha web amigable e accesible dende as distintas plataformas. Este obradoiro pode ser amais o punto de partida para no futuro especializarse nalgún dos ámbitos vinculados, coma posicionamento web, mantemento de páxinas web, marketing dixital, redes sociais,... onde pode atopar unha saída profesional.

Tui acollerá o certame musical “No bico un cantar”

Tui acollerá o 1 de xuño de 2019 o certame musical “No bico un cantar”. Trátase dunha iniciativa do Consello da Cultura Galega e da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia que ten como obxectivo trasladar a paixón pola música culta e a poesía galega a escolares de toda Galicia.

Precisamente para comezar a traballar neste certame reuniuse na casa do concello o alcalde, Carlos Vázquez Padín, coa presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez.

“No bico un cantar” vense celebrando cada primeiro venres



de xuño dende o ano 2013 en diferentes concellos de Galicia.

Tui pechará o venres o Plan Concellos 2018 con achegas de 120.000€

Con estes investimentos, a Deputación financiará a restauración do xardín da alameda e o cambio de base nunha escultura da Glorieta de Vigo.

O deputado de Cooperación, Carlos López Font, confirmou que o concello de Tui pechará este venres o Plan Concellos da Deputación de Pontevedra coa aprobación das dúas últimas achegas por un total de 122.234,17 euros. Neste ano 2018 o goberno de Carmela Silva puxo a disposición do concello de Tui un total de 1.769.637,16 euros, un 76,35% máis que no 2017.

Máis polo miúdo, a Deputación aprobará, por resolución presidencial, unha achega de 51.707,29 euros para que o concello de Tui poida levar a cabo a substitución da base da escultura ecuestre situada na Glorieta de Vigo. Pola súa banda, este venres, en Xunta de Goberno, a institución provincial tamén aprobará unha última achega de 70.526,88 euros grazas a cal Tui poderá restaurar o xardín histórico da alameda.

Anteriormente a vila do Baixo Miño xa recibira a través da Liña 1 de investimentos financiación para a elaboración de cartografía Six, ortofoto dixital e rede topográfica do concello; a área recreativa no C.R.A. Bornetas; o proxecto de reactivación patrimonial “Rec-Tui”; a mellora dos vestiarios no polideportivo municipal (vello); a construción da nave industrial para crear un garaxe de camiões de recollida do lixo; a separación de augas pluviais e reparación de beirarrúas na estrada de Baiona; a mellora das pistas de tenis municipais en Areas-Tui; a substitución da cuberta na nave de maquinaria do concello; a área lúdico recreativa no CEIP Rebordonas, a mellora do camiño de acceso á Malladoura, e a área recreativa no CRA Bornetas.

No que corresponde á liña 2, a Deputación adxudicou 44.577,61 € á vila. Finalmente o goberno provincial financiou con 231.474,36 € a contratación de 20 traballadoras e traballadores que están a desempeñar funcións no concello, dentro da liña 3 de emprego.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Pista de Xeo abriu as súas portas este martes na Guarda

O Nadal chegou á Guarda e contará cunha programación de actividades extensa e variada na que destacan o teatro, a animación musical polas rúas, os concertos de panxoliñas, os obradoiros de decoración, as chocolatadas, a instalación por primeira vez na vila dunha pista de xeo, ou a Cabalgata de Reis.

O martes día 18 de decembro foi o primeiro día de apertura da Pista de Xeo instalada na Alameda da Guarda, as entradas custan 6€ de xeito anticipado nos máis de 50 establecementos colaboradores da vila e 7€ na propia pista.

Cada entrada dá acceso á pista de xeo da Alameda, que ten unhas dimensións de 20m

x 10m e cunha duración de 45 minutos para gozar por primeira vez na Guarda da patinaxe sobre xeo, o aluguer dos patíns é gratuito e recórdase que se deben de traer guantes para as mans.

O horario de Luns a venres é de 16:00h a 22:00h e os fins de semana de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 22:00h. O 25 de decembro, 5 e 6 de xaneiro funcionará en horario de fin de semana e o 24 e 31 de decembro en horario continuo de 11:00h a 19:00h. O 1 de xaneiro funcionará só en horario de tarde de 16:00h

a 22:00h.

Todos aqueles comercios que desexen dispor de entradas para a Pista de Xeo poderán adquirir packs de 10 entradas ao prezo de 60€ na empresa colaboradora Informática San Benito no teléfono 986 60 89 20.



O Coro do Conservatorio da Guarda presentouse nun concorrido concerto

O pasado día 13 de decembro a Casa dos Alonsos da Guarda acoñeceu, dentro da Programación de Nadal 2018/19, o Concerto de Nadal do Conservatorio de Música Elemental da Guarda.

Máis de 200 persoas congregáronse nos baixos do novo Concello para escoitar ós diferentes grupos do Conservatorio facer as súas intervencións musicais, participando os grupos de vento-metal, percusión, clarinetes, gaitas, violíns, e guitarra acústica, interpretando pezas como "Xogo de Tronos", "Muiñeira do Chao" ou "A Million Dreams".

Na segunda parte do concerto tiña lugar a primeira actuación do recentemente formado Coro do Conservatorio, unha das actuacións máis esperadas por todos e que, sen



dúbida, gustou moito aos asistentes que encheron o recinto de aplausos tras cada interpretación.

Entre as cancións interpretadas por este novo Coro destacaron "El Sol brilla grande" de Peter Michel ou "Singing

all together" de K. Stannard.

Este foi o primeiro concerto deste Nadal programado dende o Conservatorio de Música Elemental da Guarda, o segundo terá lugar o vindeiro xoves día 20 de decembro ás 20:00h no Centro Cultural da Guarda.

O BNG congratúlase da adhesión do concello da Guarda ao Plan Revitaliza de compostaxe

O Bloque Nacionalista Galego congratúlase polo cambio de opinión do Alcalde da Guarda e do goberno municipal do PSOE, que despois de 3 anos decidiu integrarse dentro do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra.

"Tiveron que pasar 3 anos, 3 anos perdidos de axudas para o desenvolvemento dunha estratexia de xestión do lixo baseada na compostaxe. Como sempre os concellos da comarca anticipáronse á Guarda, grazas a un goberno totalmente sumido na inacción e na autocompracencia", comentou Anxo Baz, portavoz municipal do BNG.

O Plan Revitaliza nas diferentes liñas de apoio, sufragaría as asistencias técnicas para a redacción dun Plan municipal de recollida e tratamento dos residuos domiciliarios, a adquisición de vehículos, minitrituradoras, etc.



"Preocúpanos o descoñecemento do Plan Revitaliza do grupo de goberno, cando o seu concelleiro delegado nin sequera sabe de que van as liñas de dito plan. Un despropósito do goberno do PSOE", sinala Anxo Baz.

O BNG pula por un modelo de xestión do lixo diferente ao que se está a desenvolver na Guarda, cunha decidida aposta pola compostaxe, por un tratamento máis respectuoso do medio ambiente, lembrando que ademais do aforro da factura que temos que pagar a SOGAMA, significaría a creación de postos de traballo.

Mellora da sinalización turística

O Concello da Guarda ven de mellorar a sinalización turística grazas a unha subvención para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas de Turismo de Galicia presentada a comezos deste ano.

A actuación realizada é a homoxeneización e mellora da sinalización turística na Guarda na que se procedeu á retirada das actuais sinais turísticas que se atopaban obsoletas na súa imaxe e nos seus formatos e a instalación das sinais direccionais urbanas para que os visitantes perciban unha atención de calidade no seu desprazamento pola vila.

Este proxecto inclúe a ins-

talación dun tótem informativo exterior na praza de Avelino Vicente, unha das rúas máis transitadas do centro urbano pero que na actualidade está en obras. Este tótem ten pantalla de led de 47" que ofrecera información turística de interese.

Este é a primeira fase de mellora da sinalización turística que se completará nunha segunda fase en 2019.

Este proxecto de Homoxeneización e mellora da sinalización turística na Guarda concedeuse cun orzamento de 51,466,62€, dos cales a Axencia Turismo de Galicia aportou un 65%, cunha subvención proposta de 33,453,30€

A GUARDA

A auga é a protagonista dunha exposición fotográfica na Guarda



O 11 de decembro a Sala de Exposicións do Centro Cultural da Guarda acolleu a inauguración da Exposición «Auga, o sangue da terra», un proxecto de Manuel Valcárcel. O acto de inauguración contou coa presenza do Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, a Concelleira de Turismo, Montserrat Magallanes, a Concelleira de Cultura Elena Baz, así como unha representación de Afundación e de Abanca, co-organizadores desta exposición e público asistente.

A exposición recolle unha serie de fotografías de Manuel Valcárcel nas súas viaxes ao redor do mundo, recollendo

instantáneas coa auga coma protagonista en países coma China, Níxer, Nova Zelandia ou o deserto de Atacama en Chile.

En palabras de Manuel Valcárcel «A auga, elemento vital ao que quixen render esta humilde homenaxe en comparación co que representa, parte de todo o que somos e todo o que crea. Elemento vital que debe ser motivo de unión e xamais de discordia. Elemento que debemos coidar e protexer porque marcará o devir das xeracións vindeiras porque, quen somos os seres humanos para crernos por enriba da natureza? Esta é a miña visión do que foi, é e

será a Terra. Non malgastemos esforzo e diñeiro en buscar un mundo mellor noutros planetas, este é o noso, onde nacemos e onde morremos, debemos respectalo e coidalo.»

Dende esta mesma semana máis de 200 alumnos e alumnas dos centros escolares guardeses visitarán esta exposición, que conta con máis de vinte de instantáneas realmente sorprendentes.

A exposición estará no Centro Cultural da Guarda ata o 12 de xaneiro de 2019 en horario de Luns a venres de 10:00h a 13:00h e de 17:00h a 20:00h e os sábados en horario de 10:00h a 13:00h.

Aberto o prazo de inscricións para os Obradoiros de Nadal na Guarda

Dende o día 10 de decembro está aberto o prazo de inscricións para os Obradoiros de Nadal para nenos «Decora o teu Concello» e «Decora a túa casa».

O mércores 26 de decembro terá lugar o Obradoiro Decora o teu Concello», onde os nenos participantes traballarán na decoración da nova casa do Concello na Casa dos Alonsos.

O mércores 2 de xaneiro terá lugar o Obradoiro «Decora a túa casa» onde os participantes realizarán un adorno para completar a decoración das súas casas.

A participación destes obra-

doiros está limitada a 15 prazas para cada día, os interesados só poderán anotarse nunha das dúas datas. En caso de querer participar nos dous, escollerán unha data con prioridade e quedarán na seguinte nunha lista de espera.

O horario e lugar das dúas actividades será entre as 11 e as 13h. na Casa dos Alonsos.

Para participar é preciso inscribirse entre os días 10 e 19 de decembro no Centro Cultural en horario de 10:00h a 13:00h e de 17:00h a 20:00h ou chamando por teléfono ó 986 61 1850 ou escribindo un mail a culturaguarda@gmail.com

A Guarda organiza un curso para preparar a ESO

O Concello da Guarda abre o prazo de inscrición para un curso de formación de persoas adultas co obxectivo de preparar aos alumnos e alumnas para a obtención do Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou ESO.

O inicio das clases está mar-

cado para o vindeiro mes de Xaneiro de 2019.

As persoas interesadas poden ampliar información e inscribirse na OMIX da Guarda ou na Oficina de Desenvolvemento Local, nos enderezos electrónicos informacion@aguarda.es e emprego@aguarda.es ou nos teléfonos 676 347 890 e 689 605 127.



NOVAS DA RAIÁ

Monção, vila mágica

O Município de Monção preparou um programa de Natal apelativo destinado a todos os públicos. Começou no passado dia 30 de novembro com a abertura da iluminação de Natal, prosseguindo, durante todo o mês de dezembro, com iniciativas variadas e convidativas.

A primeira quinzena registou bastante envolvimento dos monçanenses e afluência de visitantes, atraídos pelo Mercado de Natal, pela pista de gelo natural e demais divertimentos, na Avenida da Antiga Estação da CP, e pela exposição de presépios ao ar livre.

Praça Deu-la-Deu mantém animação

E se a primeira quinzena surpreendeu, a segunda promete

encantar. Na Praça Deu-la-Deu Martins, estará patente ao público, uma área coberta, onde terão lugar as oficinas de trabalho “Árvore dos Sonhos” e “Construção de Presépio”, sessões de cinema, atuações musicais e espetáculos de teatro e dança.

Neste espaço, cujas atividades contam com a colaboração da Comissão de Festas em Honra à Virgem das Dores 2019, o público pode ainda degustar produtos alusivos à época, bem como participar no Brinde de Natal, dia 24, e no Brinde de

Ano Velho, dia 31.

No fim de semana, dias 22 e 23, a Banda Musical de Monção apresenta o seu Concerto de Natal, no Cine Teatro João Verde. Um espetáculo muito participado pela população monçanense. Os bilhetes, no valor de 3,50 €, estão à venda na Loja Interativa de Turismo



e naquela sala de espetáculos.

No domingo, dia 23, também a Banda Musical da Casa do Povo de Tangil apresenta o seu Concerto de Natal. Marcado para as 15h00, no Centro Cultural do Vale do Mouro, à filarmónica tangilense junta-se o fado com o grupo “Almas do Fado”, voz de Matilde Lobato e música de Luís Gomes, Pedro Afonso e Pedro Alves.

Pai Natal chega de mota, de bicicleta e de barco

Promovido pelo Clube de Ciclismo de Monção, decorre no dia 23, pelas 11h00, a iniciativa “Pai Natal de duas rodas”. No mesmo dia, pelas 15h00, realiza-se o passeio de Natal do Grupo Motard “Os Feras”. Em ambos os casos, a chegada é na Praça Deu-la-

Deu. Com surpresas agradáveis para os mais pequenos.

No dia 24, a noite de consoada é antecedida pela iniciativa “Chegada de Barco do Pai Natal”. Está marcada para as 15h00 e, por norma, junta muitas famílias para verem o velhinho de barbas branquinhas atracar no Cais da Lodeira e no Embarcadouro de Salvaterra de Miño.

Na última sexta-feira do ano, dia 29, pelas 19h00, realiza-se a Prova Solidária S. Silvestre. A partida tem lugar na Praça Deu-la-Deu, em Monção, e a chegada na Praça do Concelho, em Salvaterra de Miño. À semelhança do ano passado, decorre também uma Mini S. Silvestre para crianças até aos 12 anos.

Bela: criação de parque de lazer junto à futura Ecovia do Rio Minho

A Junta de Freguesia da Bela debate-se com a inexistência de espaços cobertos com alguma dimensão para a realização de atividades culturais, sociais e desportivas, apresentando, por esse motivo, a requalificação da antiga escola primária da freguesia como um dos principais objetivos da sua governação.

Essa prioridade foi comunicada ao presidente da autarquia, António Barbosa, na última quarta-feira, 12 de dezembro, no “Roteiro de Proximidade” realizado na Bela, cuja reunião, à noite, aprovou, entre outros assuntos, três empreitadas de requalificação do centro histórico de Monção.

Na visita ao espaço escolar, com quatro salas de aula, o presidente da junta, Luís Cunha, e o tesoureiro, João Carlos Domingues, transmitiram a António Barbosa, a necessidade em intervir naquele edifício do Estado Novo, dotando-o de condições funcionais para servir a população local.



Com estratégia definida para o imóvel, o “Roteiro de Proximidade” na Bela, pontuado com diversas paragens para visita às empresas e lojas comerciais da freguesia, prosseguiu com deslocação à zona ribeirinha onde está prevista terminar a Ecovia do Rio Minho, primeira fase.

Presentemente, encontra-se em fase de execução até ao posto aquícola, em Troviscoso, continuando depois até à freguesia da Bela. Ciente da importância turística deste projeto, o executivo local aposta na criação de uma área de lazer e descanso para potenciar aquele corredor ecológico.

O “Roteiro de Proximidade” continuou junto à Capela de S. Bento, onde foi possível verificar a ampliação do recinto que, registou-se, já foi utilizado nas últimas Festividades em Honra de S. Bento. Em execução, encontram-se as casas de banho e um espaço para arrecadação.

Na parte mais alta da freguesia, onde terminou o “Roteiro de Proximidade”, as prioridades do executivo da Bela prendem-se com o reforço da iluminação pública, a instalação de sinalética rodoviária e a colocação de proteção em algumas zonas com maior índice de perigosidade.

Monção apoia transporte de jovem com deficiência

O Executivo Municipal de Monção deliberou, em sessão camarária, que alguns circuitos especiais de transporte seriam assegurados pelo município, propondo a sua execução por uma instituição do concelho. Para o efeito, serão celebrados protocolos de colaboração.

Na reunião do dia 12 de dezembro realizada na freguesia da Bela, foi aprovado um protocolo de colaboração com o Centro Paroquial e Social de Barbeita para a execução de transporte de um jovem de Portela de Alvite, Merufe, para a APPACDM de Monção.

O protocolo, assinado entre a Câmara Municipal de Monção, representada pelo seu presidente, António Barbosa, e o Centro Paroquial e Social de Barbeita, representado pelo seu fundador e presidente, Américo Alves, refere-se ao ano letivo 2018/2019, prevendo-se um total de 206 dias, pelo valor

global de 11.227,00 €, equivalente a 54,50 € por dia.

Neste âmbito, o executivo monçanense garante apoio ao transporte de três jovens para a APPACDM de Monção e mais oito para a APPACDM de Melgaço. Referência ainda para a inserção laboral de cinco jovens em equipamentos municipais, através do programa ASU (Atividades Socialmente Úteis).

Refira-se que o apoio nos transportes é extensível a todos os alunos do concelho de Monção, uma vez que, no presente ano letivo, o transporte de ida e volta para os estabelecimentos escolares é gratuito para todos os níveis de ensino. Uma vantagem para muitas famílias monçanenses que deixam de ter esse encargo financeiro.



PORTUGAL

Roteiro de presépios ao ar livre

A Câmara Municipal de Monção voltou a lançar o desafio ao movimento associativo do concelho para a criação de um roteiro de presépios ao ar livre. 39 coletividades responderam à chamada, resultando numa rede de presépios apelativos e diversificados, podendo ser visualizados, entre os dias 8 de dezembro e 2 de janeiro.

Desta forma, quem visitar a localidade de Monção, transformada em “Vila Mágica” neste período de Natal, vai deparar-se com criatividade a cada passo, autenticidade em cada recanto e originalidade em cada esquina. Podem ser vistos no centro histórico da vila e avenidas/urbanizações envolventes.

Para facilitar o percurso, a autarquia disponibiliza um desdobrável com mapa, localização dos presépios e coletividades promotoras. Peça-o na Loja Interativa de Turismo, Praça Deu-la-Deu, e parta à

descoberta destas maravilhas executadas pelas associações locais.

O périplo pelo roteiro de presépios ao ar livre pode ser complementado por uma deslocação ao Mercado de Natal, na Praça Deu-la-Deu, e por uma visita à zona dos divertimentos na Avenida da Antiga Estação da CP, onde está localizada a pista de gelo natural, insufláveis, carrosséis, carrinhos de choque e elásticos.

A partir do dia 14 de dezembro, estará patente ao público, na Praça Deu-la-Deu, uma carpa grande, onde terão lugar as oficinas de trabalho “Árvore dos Sonhos” e “Construção de Presépio”, sessões de cinema, atuações musicais e espetáculos de teatro e dança.

Nesta área, cujas atividades contam com a colaboração da



Comissão de Festas em Honra à Virgem das Dores 2019, o público pode ainda degustar produtos alusivos à época, bem como participar no Brinde de Natal, dia 24, e no Brinde de Ano Velho, dia 31.

Até ao final do mês, o programa natalício reserva ainda concertos de Natal, pela Banda Musical de Monção e Banda Musical da Casa do Povo de Tangil, a chegada do Pai Natal em mota, bicicleta e barco e a Prova Solidária S. Silvestre, unindo Monção e Salvaterra de Miño.

Atividades “enriquecem” natal das crianças do pré-escolar

Promovidas pela Câmara Municipal de Monção com a colaboração do Agrupamento de Escolas de Monção e diversas associações do concelho, as Atividades de Natal para as crianças do ensino pré-escolar, realizam-se, pela primeira vez no concelho, entre os dias 17 e 21 de dezembro.

Decorrendo das 9h00 às 17h00, na Escola Básica José Pinheiro Gonçalves e na Escola Básica do Vale do Mouro, a frequência das Atividades de Natal é gratuita, compreendendo ainda transporte, ida e volta, e alimentação nas cantinas dos referidos estabelecimentos de ensino.

À semelhança das atividades de verão, as iniciativas previstas permitem a ocupação saudável das crianças num período de pausa letiva, proporcionando-lhes o contacto com um conjunto de

ações enriquecedoras sobre o ponto de vista emocional e social. Revelam-se ainda incentivadoras da apetência das crianças pelo desporto e pela música.

Nas Atividades de Natal, as crianças vão praticar diversos desportos, apreciar a habilidade dos cães da GNR, visualizar filmes de Natal no Cine Teatro João Verde, envolver-se na história do nascimento de Jesus Cristo, divertir-se com a destreza dos bombeiros, e ensaiar cânticos natalícios.

Nestes dias, vão também executar um postal de Natal para oferecer, na tarde do último dia, aos utentes do lar da Santa Casa da Misericórdia de Monção. Para que o “retrato” fique completo e o sorriso dos idosos mais “largo”, foi pedido aos pais que, neste dia, as crianças tragam um gorro do Pai Natal.

Doçaria típica anima Natal

Dois fins-de-semana (15 a 16 e 22 a 23) vão fazer crescer ‘água na boca’ com o ‘Cerveira Mais Doce’. Cerca de 10 pastelarias, produtores e instituições do concelho vão tornar este Natal ainda mais saboroso, através da venda direta ao público de doçaria tradicional natalícia, em pleno centro histórico.

Do bolo-rei às rabanadas, dos sonhos aos filhoses. Seja pela apresentação ou pelo aroma adocicado no ar, vai ser difícil resistir a degustar algumas destas iguarias e até aproveitar a oportunidade para fazer algumas encomendas para recheiar ainda mais a mesa da Noite da Consoada.

Sem esquecer aqueles que

mais cibram com o Natal - as crianças e os jovens - uma das novidades desta edição Na’tal Cerveira 2018 é o Na’tal Cerveira Kids. Até 6 de janeiro, o Parque do Centro Coordenador de Transportes está transformado num mágico parque de diversões exclusivamente pensado para fazer sorrir os mais pequenos. São cerca de 10 atrações entre pista de carrinhos de choque, trampolim – “fun jump”, carrossel, pista infantil de barcos, simulador de realidade virtual, jogos tradicionais, jogo de patelas, pista “Dragão” e insufláveis, momentos eletrizantes que serão reconfortados com a presença de roulettes de pão com chouriço, farturas, de pipocas e de algodão doce.



O espaço de diversão infantil funciona de segunda a quinta-feira das 12h30 às 22h00; às sextas, sábados e domingos das 10h00 às 24h00, com exceção do dia 24 de dezembro que estará encerrado, nos dias 25 de dezembro e 1 de janeiro funcionará entre as 14h00 às 24h00, e no dia 31 encontra-se aberto das 12h30 às 24h00.

Moral da história ‘O Grinch’ cativou as crianças de Cerveira



Para assinalar a quadra natalícia, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira voltou a surpreender os cerca de 500 alunos do ensino pré-escolar e do 1º ciclo do concelho, proporcionando uma sessão cinematográfica muito divertida sobre a história do Grinch, com direito a umas deliciosas pipocas e mais uma prenda didática.

Explicar o verdadeiro sentido do Natal às crianças tornou-se mais fácil recorrendo ao famoso Grinch. Tendo sido a animação com a maior estreia da história entre filmes deste Natal, a autarquia cerveirense dinamizou, esta quarta e quinta-feira, três sessões cinematográficas no Cineteatro, convidando as crianças para assistir e refletir sobre a história d’ ‘O Grinch’.

Centro histórico de Monção com obras no valor de 2,2 milhões de euros

A melhor forma de homenagearmos o passado é projetarmos o futuro com investimentos estruturantes direcionados para a concretização de dois objetivos. Por um lado, valorização da qualidade de vida dos monçanenses. Por outro, criação de motivos apelativos para cativar os visitantes.

Os três investimentos de requalificação urbanística, aprovados na última sessão camarária, realizada na sede da Junta da Freguesia da Bela, assumem essa dupla particularidade, garantindo espaços públicos renovados, disciplinando a circulação/parqueamento do trânsito e privilegiando áreas e percursos pedonais.

A principal entrada da vila, Rua 25 de Abril, cujos trabalhos foram adjudicados por 749.083,52 €, vai tornar-se mais funcional e vistosa, substituindo-se o inestético muro

de suporte de terra atual por um espaço comercial com acesso à zona da antiga estação da CP.

A Praça da República, com artéria vedada ao trânsito e um acesso pedonal das traseiras da Casa do Curro ao Cine Teatro João Verde, passará a permitir a realização de eventos de vária ordem, transformando-se numa nova centralidade do casco urbano. O investimento situa-se em 741.968,73 €.

Ambos os investimentos, focados na atratividade do centro histórico e reforço de atividades culturais e sociais, englobam ainda a requalificação da Rua General Pimenta de Castro, adjudicada por 227.001,14 €, através da valorização do pavimento e passeios e da colocação de mobiliário urbano.

Apesar de não ter sido objeto de apreciação em sessão do Executivo Municipal, uma



vez que o seu valor é inferior a 150.000,00 €, refira-se que a Rua Eng. Duarte Pacheco vai também entrar em obras, enquadrando-se neste projeto estratégico de revitalização do centro histórico. Representa um investimento de 97.827,70€.

Nota ainda para o facto de

a Rua da Independência e Edifício Souto d'El Rey, trabalhos avaliados em 413.292,41 €, estarem em andamento desde o passado mês de novembro. Pretende-se recuperar aquela artéria que conduz à Porta de Salvaterra e garantir dignidade a um edifício histórico com vocação cultural e turística.

Estes Investimentos, adjudicados pelo valor global de 2.229.173,50 €, constituem uma aposta forte do atual executivo presidido por António Barbosa que, acredita, será devidamente acompanhado pela iniciativa privada na requalificação dos imóveis degradados.

